

Fresco Renacentista

Venecia, 1556. En plena efervescencia renacentista unha muller sente o calafío da morte. A morte do pai, quedo e calado como se arremedase unha estatua. É Adria, filla de O Aretino. Lembra o proxenitor: pai amante, xuíz, verdugo, censor..., que nunca acada a coñecer os seus segredos, a súa vida de cortesá, a súa actividade velada de Venus Floral nos apousentos de Carmina. E a filla, empurrada por un secreto resorte, comeza a esculcar na intimidade do pai a través das súas cartas, dos seus escritos. Así dá comezo esta primeira incursión na narrativa ficcional de Xabier Paz, un escritor xa consolidado nos ei-

De paixóns e de incertezas


 FRANCISCO

MARTÍNEZ BOUZAS

nacente innovadora. Adria persegue teimosa a imaxe do pai na súa escrita e vive sobre a pauta de certos conceptos recorrentes: a verdade, o corpo, a beleza, o sexo e con modelos femininos como Isabella D'Este, Catherina de Medici, Vittoria Colonna e todas as cortesás venecianas, nomeadamente Carmina, o eixe oculto da súa vida clandestina. Nesa noite que segue aos ritos fúnebres do pai falecido, cachando no seu cartafol, ten o privilexio

D AZ MERCULLA O
LECTOR NA
EFERVESCENCIA
DUN MUNDO
CAMBIANTE

personaxe principal desta peza de ficción histórica. Ambos os dous convértense nos verdadeiros fios narrativos e nos esteos da estructura novelesca desta entrega de Xabier Paz. Unha novela na que se elaboran materiais históricos ata convertelos en ficción e na que a ficcions se pon en relación con personaxes e acontecimentos historicamente verificables. Coido que o novelista ten conciencia do seu labor e



dos
da lírica,
pero que fai
con *Renacer* o seu de-
but, quizais serodio pero
interesante e provocador,
nos territorios da fabula-
ción.

O seu reto, unha nove-
la histórica. O acareo e
confrontación con Pietro
Aretino (Arezzo 1492 –
Venecia 1556), coñecido
principalmente polos
seus escritos licenciosos e
un dos intelectuais más
representativos de espíri-
to renacentista italiano.
Inmortalizado polo seu
amigo Tiziano e convertido
así mesmo en perso-
naxe, ainda que secunda-
rio, por Manuel Mújica
Lainez na súa novela Bo-
marzo. O Aretino, ás ave-
sas, os seus escritos reais
ou apócrifos, é xunto con
Adria, a súa filla presunta,

da súa
servidume á hora de in-
xectar ficción nun con-
textu histórico determi-
nado. E o lector non pode
exixir a exactitude históri-
ca, senón que o marcador
semántico da ficción ilus-
tre a historia. Ao meu ver,
o traballo ficcional de Xa-
bier Paz, xunto coa cali-
dade estética da súa pro-
sa, ornan e iluminan de
xeito elegante e harmo-
nioso a historia.

O discurso da filla e os
monólogos interiores do
pais conducen o lector
polos camiños dunhas vi-
das marcadas por novas
ideas que pertenecen a un
mundo novo, a unha orde

de facer aflorar os
seus propios pen-
samentos e tamén
os seus soños.
Mais o maior en-
gredo da novela de
Xabier Paz é a súa
capacidade para
achegartos a ese
amplio movemen-
to de revitalización
cultural e social que se produce en
Europa nos sécu-
los XV e XVI. Esa
nova forma de ver
o mundo e o ser do
home. Ese "rena-
cer" ou "rinascita"
que transforma
non só as artes e as
letras senón tamén
os estilos de vida.
Idade Aurea, vence-
dora da Idade Bár-
bara, época aberta,
clara e vizosa.

A súa proxección na novela é tan
importante que é
capaz de transfor-
mar un relato de
protagonistas nunha
novela coral. Por veces
coa súa habilidade para a
síntese, por veces con aná-
lises minuciosos, Xabier
Paz mergúllanos na efer-
vescencia dun mundo
cambiante: os novos ca-
nons artísticos e lingüísti-
cos, as exuberancias e
opulencias da época, ta-
mén as gastronómicas, as
fachendas sen límites, a
presión do canon da bele-
za feminina. Tamén os días
trentinos, o gran vento que
chega de Trento, un vento
glacial e rigoroso, chama-
do Contrarreforma. Xa que
logo, un fresco renacentista
ateigado de frenesi e in-
contables paixóns. Tamén
de incertezas.

PAZ, Xabier, *Renacer*, Ed.
Xerais, Vigo, 2008, 296
páxinas.